



O PREDICADO

Escribe se o predicado é nominal ou verbal:

- Os xogadores estaban contentos co resultado obtido. ▶ _____
- A causa do accidente é aínda un misterio. ▶ _____
- O avó preparou o cocido para toda a familia. ▶ _____
- O cadro do comedor da súa casa estaba torto. ▶ _____
- Aqueles barcos chegaron a porto ao luscofusco. ▶ _____
- Os exploradores eran demasiado intrépidos. ▶ _____

• Indica ao lado de cada un destes predicados se é PV ou PN:

Non fai mel.	Está moi cansa.
Calceta xerseis de raias.	Xa non voa.
Parece mansa.	Viaxa nun avión.

Escolle e completa os predicados nominais seguintes coa palabra máis axeitada para facer de atributo. Fíxate na concordancia.

- A tía de Aldara é (a directora do colexio / o médico da vila)
- Os gañadores do concurso sodes (vós/elas)
- Martiño e o seu curmán Carlos parecen (amigo/irmáns)
- A túa amiga Sabela está (contento/enfadada)

Clica nos verbos copulativos:

Arrodea os verbos que sexan copulativos.

camiñar • semellar • estirar • durmir • ser • dar • estar • parecer

O predicado nominal está formado por:

- a. un verbo predicativo e un atributo.
- b. un verbo copulativo e un complemento.
- c. un verbo copulativo e un atributo.

Escribe o tipo de predicado de cada oración:

O meu amigo Alberte é vexetariano.
O próximo verán iremos de viaxe a León.
As gatiñas parecían asustadas.
Antón traballa de arquitecto en Londres.
A árbore máis abundante aquí é o carballo.
A auga deste regato parece contaminada.